


Buracos no espelho



AGAL

Buracos no espelho

En Agal Criaçon, 178 páginas. José Alberte Corral Iglesias, con esta obra fai unha nova achega ao galego reintegrationista, como din os que tal grafía defenden e usan. Autor de obras de poesía como "Del amor y la memoria", "Palabra e memoria" e "Acarom da brètema". Tamén cabe salientar a obra narrativa "Do lusco-fusco". O libro componse de vinte e tres de ben enfiados relatos, por esta orde e títulos: "Arduína", "Alexandre", "É noite", "Eduardo", "Irma", "Paipa", "Cholo", "Escudo", "Elisa", "Kid", "Nakbah", "Genoveva", "Nano", "Engrovia", "Oholoch", "Maria", "Justiça", "Vae Vicitis", "Walter", "O cheque", "Verónica", "Tucho e Hadhiw". A lectura deste novo volume, ainda con unha grafía insistimos-coa que nós non concordamos, faise por momentos certamente agradábel. Persoalmente, resulta fermosísimo o relatorio que pecha a "travesía": "Hadhiw". Hai na escrita do escritor unha capacidade de transmitir, como na poesía, intensas emocións, e mesmo transmite tamén o seu compromiso ideolóxico certo, que pode ser ou non do interese de quen lea. Como di o autor do limiar, no medio da complexidade e de luitas muito vivas encontramos José Alberte Corral Iglesias e "Buracos no espelho". Sabe que non usa un idioma idíoma quadriprovincial, "e trabalha para trajá-lo como lhe corresponde, sem libre de escravatura". Noraboa ao amigo Alberte Corral.